



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Marta Vázquez Garea, secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños (A Coruña),

CERTIFICO: que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SERVICIOS ENERXÉTICOS E MANTEMENTO CON GARANTÍA TOTAL DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR (2021/C006/000002)

Este contrato enmárcase dentro das actuacións que o Concello está a levar no proxecto “Alumbrado público de Cabana de Bergantiños”, actuación incluída no programa de subvencións a proxectos singulares de Entidades Locais que favorezan o paso dunha economía baixa en carbono, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (FEDER-EELL-2020-003934). Esta actuación é cofinanciada en importe de 757.597,40 €.

Procedemento: aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (xuízo de valor e fórmulas aritméticas), suxeito a regulación harmonizada

Antecedentes:

- 1.- Consta subvención concedida polo IDAE en importe de 757.597,40 € para a cofinanciación do presente contrato (expediente de subvención FEDER-EELL-2020-003934).
- 2.- Consta proxecto de renovación das instalación elaborado por d. Jesús Manuel Mallo Puga.
- 3.- Consta así mesmo Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade e idoneidade da contratación, así como da eficiencia económica da mesma.
- 4.- Constan documentos contables de retencións de créditos no expediente con cargo á aplicacións orzamentarias de gastos 165.61900, 165.21000 e 165.22100.

Importe do contrato a celebrar:

- a) Base imponible: 1.356.619,68 €
- b) Importe IVE (21%): 284.890,13 €
- c) Total: 1.641.509,81 €

Así, examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría e Intervención, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e en virtude das competencias delegadas do Pleno en materia de contratación por acordo do 17/07/2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (xuízo de valor e fórmulas aritméticas), suxeito a regulación harmonizada, para o contrato de servizos enerxéticos e mantemento con garantía total das instalacións.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares así como os seus anexos e os Pregos de Prescricións técnicas, así como o gasto correspondente.

TERCEIRO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público..

CUARTO. Designar a seguinte Mesa de Contratación e publicar a súa composición no perfil do contratante:

José Muíño Domínguez, presidente. Suplente: Carlos Allo Cundíns
M^a Cristina Candal Rey, secretaria. Suplente: M^a Elisa Fernández González.
Marta Vázquez Garea, vogal. Suplente: quen legalmente a substitúa.
Patricia Chas Filgueiras, vogal. Suplente: quen legalmente a substitúa.
Vogal: Lorena Yebra Fernández. Suplente Xiao Seage Forján, enxeñeiros técnicos industriais.
QUINTO: dar conta na vindeira Comisión Informativa de asuntos de Pleno que se celebre.

A presente certificación expídese antes de ser aprobada a acta correspondente e a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, de conformidade co disposto no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais. (Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro)

Expídese de orde e co visto e prace do alcalde, José Muíño Domínguez.

Documento asinado dixitalmente